

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
27015311	A Pinguela	Monforte de Lemos	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMP	Imaxe persoal	CSIMP02	Estilismo e dirección de peiteado	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de adultos

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1072	Peiteado en coidados especiais	2023/2024	4	80	96
MP1072_12	Elaboración de próteses capilares	2023/2024	4	50	60
MP1072_22	Asesoría e coidados en necesidades estéticas especiais.	2023/2024	4	30	36

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	ROSA MAR DÍAZ VÁZQUEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Proxecto de FP dual no que se combinarán os procesos de ensino-aprendizaxe no centro formativo e nas seguintes empresas:

- Peluquería Pili Palacios
- Peluquería Bolboreta
- Peluquería "Y yo con estos pelos"
- Bendita Locura
- Montserrat Aparicio Estilistas
- Tres D Peluquería
- Top Salón
- María Herbón Estilistas
- Peluquería Cortenovo
- Peluquería Stilos
- Peluquería Novo Look
- Peluquería Camilo
- Peluquería Artelis
- El Tocador de Nuria
- Marta Moure
- Aluma
- Manuel Estilistas
- Peluquería Córtes
- Peluquería Tamara
- Peluquería Princess
- Peluquería E. Belon
- Peluquería 2000
- Tito Senaz
- Peluquería Xela
- Peluquería Tempus
- Dulce Ramos Estilistas
- Dolce Peluqueros
- Peluquería Tres D
- Peluquería Susana

As persoas que obteñan o título de técnico superior en Estilismo e Dirección de Peiteado poderán exercer a súa actividade na dirección de procesos de peiteado en empresas adicadas ao sector e en producións audiovisuais e escénicas, onde desenvolven tarefas individuais e en grupo nas áreas funcionais de deseño e innovación, organización e prestación de servizos, comercialización, loxística, calidade, prevención de riscos e xestión ambiental. Actúan por conta propia, cun alto grao de autonomía, asumindo labores de xestión e dirección, ou por conta allea, integrándose nun equipo de traballo con persoas de nivel de cualificación igual, inferior ou superior. As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Director/ora técnico/a artístico/a en empresas de peiteado e en producións audiovisuais, escénicas e de moda.
- Especialista en análise e tratamentos capilares.
- Estilista.
- Especialista en próteses capilares e posticería.



- Conselleiro/a avaliador/ora de empresas de peiteado.
- Experto/a en coidados capilares en clientela con necesidades especiais.
- Traballador/ora cualificado/a en clínicas capilares e centros de medicina e cirurxía estética.
- Técnico@ comercial.
- Asesor/a de imaxe.
- Formador/a técnico@ en peiteado.
- Asesor/a de vendas e demostrador/a de produtos e aparellos de peiteado.
- Asesor/a de prensa especializada en imaxe persoal e peiteado

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Formación en empresa	Formación curricular que se adquirirá na empresa	0	0
2	Elaboración de próteses capilares totais e parciais	Técnicas de elaboración, cambio de forma, cor, e mantemento de próteses capilares totais e parciais.	60	68
3	Formación en empresa	Formación curricular que se adquirirá na empresa	12	5
4	Perrucaría en coidados especiais	Clientes con necesidades estéticas especiais. Pautas de atención, análise dermaticolóxica, asesoramento no coidado persoal, coidados reparadores e estéticos específicos.	24	27

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Formación en empresa	0

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Elaboración de próteses capilares totais e parciais	60

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Elabora próteses capilares totais e parciais aplicando procedementos de confección e técnicas asociadas.	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Clasifícaronse e caracterizado os tipos de perrucas e próteses capilares parciais.
CA1.2 Identifícaronse as técnicas previas á elaboración de próteses.
CA1.3 Identifícaronse os tipos, o xeito de realización e as utilidades da armadura.
CA1.4 Establecéronse protocolos para a toma de medidas.
CA1.5 Identifícaronse os tipos de montura e os materiais para a súa realización
CA1.6 Determináronse criterios de selección de materias primas para a realización de perrucas.
CA1.7 Seleccionáronse os materiais e as ferramentas para a elaboración de perrucas e postizos en función da técnica e do resultado desexado.
CA1.8 Identifícaronse as técnicas de elaboración de perrucas e próteses capilares parciais (tecido, picadura e cosido).
CA1.9 Diferenciáronse as formas de realización de nós e os efectos conseguidos.
CA1.10 Aplicáronse as técnicas para a elaboración de perrucas e próteses capilares parciais.
CA1.11 Determináronse as pautas e as secuencia para a cosedura das perrucas.
CA1.12 Seleccionáronse técnicas de coloración, cambios de forma temporal e permanente, e lonxitude para as perrucas e próteses capilares parciais.
CA1.13 Establecéronse criterios de selección de cosméticos para as técnicas asociadas, a secuencia e as pautas de execución dos procesos.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Perrucas e próteses capilares parciais: tipos e características; criterios de selección.
Técnicas previas. Armadura ou molde de cabeza: descrición, tipos e medidas. Toma de medidas: materiais, patrón, calco, pasos ou secuencia, e ficha de medidas. Elaboración da montura: tipos de monturas, secuencia de traballo, materiais, proceso de realiz
Técnicas de elaboración. Técnica do tecedura ou malla. Materiais. Tipos de nó: pasada de comezo, M simple, M dobre e pasada final. Aplicacións. Técnica do picadura. Materiais e técnicas de elaboración de nós. Técnica do cosedura: descrición, pautas e secu
Técnicas asociadas: criterios de selección de cosméticos, utensilios e protocolos de execución. Técnicas de cambios de cor en perrucas e próteses capilares parciais. Técnicas de cambios de forma temporal e permanente en perrucas e próteses capilares par
Técnicas de cambios de lonxitude en perrucas e próteses capilares parciais.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Formación en empresa	12

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Organiza o cambio ou mantemento da imaxe de persoas usuarias con necesidades estéticas especiais, analizando as súas necesidades e aplicando técnicas de atención específicas.	NO
RA2 - Aplica cuidados reparadores específicos, determinando as técnicas de realización.	NO
RA3 - Coloca perrucas e próteses capilares parciais, e realiza operacións de adaptación, suxeición e axuste.	NO
RA4 - Determina alternativas ás próteses capilares, seleccionando complementos téxtiles e accesorios.	NO
RA5 - Aplica técnicas de asesoramento sobre cuidados persoais, establecendo as fases do proceso.	NO

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.5 Aplicáronse técnicas de relación coa persoa usuaria.
CA1.7 Aplicáronse medidas de hixiene, desinfección e/ou esterilización e precintaxe específicas.
CA1.10 Aplicáronse técnicas de análise dermaticolóxica.
CA2.4 Aplicáronse cuidados reparadores específicos segundo os protocolos establecidos.
CA2.8 Aplicáronse técnicas de perfilaxe da liña de ollo.
CA2.10 Aplicáronse cuidados específicos de mans.
CA3.3 Realizáronse técnicas de hixiene e acondicionamento do cabelo ou do coiro cabeludo.
CA3.6 Realizouse a técnica de rasurado seguindo o protocolo establecido e nun tempo axeitado.
CA4.6 Colocáronse complementos con criterios establecidos.
CA5.5 Proporcionáronse á persoa usuaria pautas de automaquillaxe para paliar cambios estéticos en cellas e pestanas.
CA5.6 Proporcionóuselle información á clientela para lle facilitar a colocación, a hixiene e o mantemento de próteses capilares e complementos.
CA5.7 Asesorouse sobre os tratamentos estéticos e cuidados persoais que pode realizar, e os non recomendados ou contraindicados.

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Atención a persoas con necesidades especiais.
Actitudes e aptitudes do persoal profesional: habilidades psicosociais e profesionais necesarias.
Imaxe persoal do persoal profesional: vestimenta, calzado, hixiene corporal, peiteado e complementos.

**Contidos**

Preparación do contorno de traballo. Aplicación de medidas de seguridade e hixiene nestes procesos.

Recepción, atención e acomodación da clientela. Técnicas de comunicación: entrevista. Análise de demandas, necesidades e expectativas da clientela.

Medidas de preparación e protección do persoal profesional e da clientela. Hixiene postural e ergonomía.

Métodos de limpeza, desinfección e/ou esterilización e precintaxe: clasificación, criterios de selección e pautas de aplicación.

Aplicación de técnicas para a análise dermaticolóxica. Toma de imaxes.

Coidados específicos para o cabelo e o coiro cabeludo: protocolos, cosméticos e pautas de aplicación, e precaucións. Tratamentos de hixiene e mantemento. Cambios de cor, forma e onxitude.

Perfilaxe da liña de ollo: técnicas de realización.

Coidados específicos para mans: técnicas, cosméticos e utensilios; criterios de selección; pautas de aplicación.

Indicacións e contraindicacións en coidados reparadores específicos para persoas usuarias con necesidades especiais

Técnicas previas: Hixiene e acondicionamento do cabelo e do coiro cabeludo. Corte ou rasurado do cabelo. Utensilios, cosméticos e pautas de realización de técnicas previas. Medidas de precaución en persoas usuarias con necesidades estéticas especiais.

Técnicas de atención á clientela.

Técnicas de colocación de perrucas e próteses capilares parciais.

Técnicas de axuste e suxeición: clip, banda, etc.

Técnicas de conservación, hixiene, acondicionamento e acabamento en próteses capilares de pelo natural ou sintético.

Técnica de colocación de complementos téxtiles e accesorios.

Hixiene e mantemento de complementos téxtiles e accesorios.

Atención e asesoramento sobre coidados antes do tratamento.

Técnicas de adestramento para a colocación, a hixiene e o mantemento de próteses capilares e complementos.



**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Perrucaría en coidados especiais	24

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Organiza o cambio ou mantemento da imaxe de persoas usuarias con necesidades estéticas especiais, analizando as súas necesidades e aplicando técnicas de atención específicas.	SI
RA2 - Aplica coidados reparadores específicos, determinando as técnicas de realización.	SI
RA3 - Coloca perrucas e próteses capilares parciais, e realiza operacións de adaptación, suxeición e axuste.	SI
RA4 - Determina alternativas ás próteses capilares, seleccionando complementos téxtiles e accesorios.	SI
RA5 - Aplica técnicas de asesoramento sobre coidados persoais, establecendo as fases do proceso.	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Determináronse técnicas de identificación das demandas, as expectativas e as necesidades da clientela.
CA1.2 Caracterizouse o perfil do persoal profesional especialista: aptitudes e actitudes en coidados estéticos especiais.
CA1.3 Seguíronse as normas sobre a hixiene, indumentaria e imaxe persoal do persoal profesional.
CA1.4 Establecéronse as normas de actuación interpersonal.
CA1.5 Aplicáronse técnicas de relación coa persoa usuaria.
CA1.6 Preparouse o contorno onde se desenvolve o proceso.
CA1.7 Aplicáronse medidas de hixiene, desinfección e/ou esterilización e precintaxe específicas.
CA1.8 Establecéronse medidas de acomodación e recepción.
CA1.9 Identificáronse as posicións anatómicas axeitadas e as medidas de protección do persoal profesional e da clientela.
CA1.10 Aplicáronse técnicas de análise dermaticolóxica.
CA1.11 Clasificáronse e establecéronse criterios de selección de coidados reparadores específicos, próteses capilares e complementos.
CA1.12 Deseñáronse propostas de cambio de imaxe.
CA1.13 Presentáronse á clientela as propostas de cambio, usando medios manuais e/ou informáticos.
CA1.14 Planificáronse as accións que se vaian seguir para o cambio ou o mantemento da imaxe.
CA1.15 Aplicáronse programas informáticos para realizar propostas técnicas de cambio de imaxe.
CA1.16 Procedeuse á recollida de datos e imaxes para a ficha da clientela.
CA2.1 Establecéronse criterios de selección de tratamentos e cosméticos de hixiene e mantemento específicos para o cabelo e coiro cabeludo en coidados especiais.

<b>Criterios de avaliación</b>
CA2.2 Establecéronse criterios de selección de procesos de cambios de cor, forma e lonxitude do cabelo, en coidados especiais.
CA2.3 Determinouse a secuencia, temporalización e as pautas de aplicación de cosméticos especiais.
CA2.4 Aplicáronse coidados reparadores específicos segundo os protocolos establecidos.
CA2.5 Deseñáronse simulacións de cellas.
CA2.6 Seleccionouse a técnica e a cor adecuadas para realizar a corrección de cellas e pestanas, e a perfilaxe da liña de ollos, en función das necesidades da clientela.
CA2.7 Realizouse a corrección de cellas e pestanas.
CA2.8 Aplicáronse técnicas de perfilaxe da liña de ollo.
CA2.9 Seleccionáronse as técnicas e os cosméticos de coidados de mans adecuados ás necesidades da clientela.
CA2.10 Aplicáronse coidados específicos de mans.
CA2.11 Valoráronse as indicacións, as contraindicacións e o momento de aplicación dos coidados reparadores específicos.
CA3.1 Determináronse as técnicas previas á colocación de perrucas e postizos.
CA3.2 Seleccionáronse os cosméticos que se vaian empregar para preparar e acondicionar o coiro cabeludo e/ou o cabelo, en función das necesidades da clientela.
CA3.3 Realizáronse técnicas de hixiene e acondicionamento do cabelo ou do coiro cabeludo.
CA3.4 Establecéronse as precaucións para o rasurado previo á colocación da perruca.
CA3.5 Identificáronse, seleccionáronse e preparáronse os cosméticos e os utensilios necesarios para realizar o rasurado.
CA3.6 Realizouse a técnica de rasurado seguindo o protocolo establecido e nun tempo axeitado.
CA3.7 Detalláronse e simuláronse as pautas básicas de atención, información e asesoramento da clientela durante a selección da perruca ou prótese capilar.
CA3.8 Realizouse a toma de medidas craniais e de mostras da cor do cabelo.
CA3.9 Descríbóronse, seleccionáronse e aplicáronse as técnicas de colocación e axuste de perrucas e próteses capilares parciais, así como dos accesorios de suxeición (clip, banda, etc.).
CA3.10 Establecéronse pautas para a realización de acabamentos de perrucas.
CA3.11 Establecéronse e aplicáronse pautas para a conservación, a limpeza e a hixiene de próteses capilares, en función do tipo de pelo.
CA4.1 Descríbóronse os complementos e os accesorios para persoas con necesidades especiais.
CA4.2 Identificáronse tipos, formas e deseños de complementos téxtiles e accesorios.
CA4.3 Combináronse complementos téxtiles e capilares.
CA4.4 Establecéronse as características e os criterios de selección de materiais.
CA4.5 Establecéronse parámetros para a selección do complemento: tamaño, harmonía de cores e coordinación coas características persoais da clientela.
CA4.6 Colocáronse complementos con criterios establecidos.

Criterios de avaliación
CA4.7 Determináronse as pautas para a hixiene e o mantemento dos complementos téxtiles e accesorios.
CA5.1 Determináronse as pautas básicas de atención, asesoramento e adestramento no coidado persoal da clientela antes, durante e despois do tratamento.
CA5.2 Establecéronse pautas de hixiene e mantemento persoal da pel, o pelo e as uñas.
CA5.3 Identifícanse contraindicacións cosméticas.
CA5.4 Establecéronse criterios de selección e utilización de filtros solares e cosmética personalizada.
CA5.5 Proporcionáronse á persoa usuaria pautas de automaquillaxe para paliar cambios estéticos en cellas e pestanas.
CA5.6 Proporcionouse información á clientela para lle facilitar a colocación, a hixiene e o mantemento de próteses capilares e complementos.
CA5.7 Asesorouse sobre os tratamentos estéticos e coidados persoais que pode realizar, e os non recomendados ou contraindicados.

#### 4.4.e) Contidos

Contidos
<p>Atención a persoas con necesidades especiais.</p> <p>0Proposta de cambio de imaxe. Deseño da proposta a través de medios manuais e informáticos..Técnicas de presentación da proposta.</p> <p>Elaboración e formalización da ficha técnica e do consentimento informado</p> <p>Actitudes e aptitudes do persoal profesional: habilidades psicosociais e profesionais necesarias.</p> <p>Imaxe persoal do persoal profesional: vestimenta, calzado, hixiene corporal, peiteado e complementos.</p> <p>Preparación do contorno de traballo. Aplicación de medidas de seguridade e hixiene nestes procesos.</p> <p>Recepción, atención e acomodación da clientela. Técnicas de comunicación: entrevista. Análise de demandas, necesidades e expectativas da clientela.</p> <p>Medidas de preparación e protección do persoal profesional e da clientela. Hixiene postural e ergonomía.</p> <p>Métodos de limpeza, desinfección e/ou esterilización e precintaxe: clasificación, criterios de selección e pautas de aplicación.</p> <p>Aplicación de técnicas para a análise dermaticolóxica. Toma de imaxes.</p> <p>Procedementos para o cambio de imaxe en persoas usuarias con necesidades especiais: coidados reparadores, próteses capilares e complementos. Clasificación e descrición. Criterios de selección.</p> <p>Clasificación dos coidados capilares e estéticos antes, durante e despois dos tratamentos médicos.</p> <p>Coidados específicos para o cabelo e o coiro cabeludo: protocolos, cosméticos e pautas de aplicación, e precaucións. Tratamentos de hixiene e mantemento. Cambios de cor, forma e onxitude.</p> <p>Corrección de cellas e pestanas: deseño e medidas; elección da técnica e da cor: técnicas de realización.</p> <p>Perfilaxe da liña de ollo: técnicas de realización.</p> <p>Coidados específicos para mans: técnicas, cosméticos e utensilios; criterios de selección; pautas de aplicación.</p> <p>Indicacións e contraindicacións en coidados reparadores específicos para persoas usuarias con necesidades especiais</p> <p>Técnicas previas: Hixiene e acondicionamento do cabelo e do coiro cabeludo. Corte ou rasurado do cabelo. Utensilios, cosméticos e pautas de realización de técnicas previas. Medidas de precaución en persoas usuarias con necesidades estéticas especiais.</p> <p>Técnicas de atención á clientela.</p> <p>Personalización: criterios de selección de perrucas e próteses capilares parciais; toma de medidas e de mostras de cor.</p>

**Contidos**

Técnica de preparación da base para as próteses capilares.

Técnicas de colocación de perrucas e próteses capilares parciais.

Técnicas de axuste e suxeición: clip, banda, etc.

Técnicas de conservación, hixiene, acondicionamento e acabamento en próteses capilares de pelo natural ou sintético.

Complementos téxtiles e accesorios: características; tipos, variantes, formas e deseños; criterios de selección.

Combinación de complementos téxtiles e capilares como tiras tecidas, extensións, rastas, etc.

Características dos materiais empregados nos complementos téxtiles: criterios de selección.

Técnicas previas: selección das talles de sombreiros e gorros. Elección e harmonía de cores. Coordinación co estilo e a roupa.

Técnica de colocación de complementos téxtiles e accesorios.

Hixiene e mantemento de complementos téxtiles e accesorios.

Atención e asesoramento sobre coidados antes do tratamento.

Asesoramento sobre coidados durante o tratamento. Pautas de hixiene e mantemento persoal de pel, pelo e uñas. Cosméticos: contraindicacións. Criterios de selección e utilización de filtros solares e cosmética personalizada.

Pautas de automaquillaxe de cellas e pestanas.

Asesoramento sobre coidados despois do tratamento. Tratamentos estéticos adaptados. Coidados persoais. Técnicas e tratamentos non recomendados e/ou contraindicados.

Técnicas de adestramento para a colocación, a hixiene e o mantemento de próteses capilares e complementos.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

### MÍNIMOS ESIXIBLES

- Describir, seleccionar, preparar, aplicar e manipular correctamente e en condicións de seguridade os cosméticos, útiles e equipamentos empregados nos procesos de elaboración, colocación e mantemento de posticería.
- Realizar a toma de medidas para encargar ou elaborar unha perruca e/ou postizo parcial.
- Realizar un calco para elaborar unha perruca e/ou postizo parcial.
- Montar un tear e elaborar tira tecida ou galoneada cos diferentes tipos de nos ou pasadas.
- Seleccionar os tipos de nos ou pasadas da técnica de galoneado en función da peza a elaborar.
- Realizar a técnica de picado con no simple e dobre.
- Seleccionar os tipos de nos de picado en función da peza a elaborar.
- Montar un tear e elaborar tira de crepé.
- Recibir, instalar e protexer o/a cliente para os servizos de asesoramento en casos de necesidades especiais.
- Realizar a análise dermaticolóxica, diagnóstico e propostas a un cliente con necesidades especiais.
- Realizar a asesoramento e aplicación de coidados en casos de cliente con necesidades especiais.
- Realizar a selección, asesoramento, e colocación de perrucas e complementos téxtiles.
- Realizar a adaptación dunha perruca, postizo, prótese e/ou complemento téxtil.
- Realizar a hixiene e mantemento de complementos capilares e téxtiles.
- Aplicar a técnica de limpeza, desinfección e esterilización dos instrumentos necesarios para os procesos realizados

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A cualificación de cada avaliación será un número enteiro do 1 o 10 e para o seu cálculo teranse en conta as notas e pesos dos CA da mesma. A avaliación final (N) será un número enteiro do 1 ó 10, e para o seu cálculo teranse en conta as notas e pesos dos CA e das UD. Aplicarase a seguinte fórmula:

$$N=0*UD1+ 0.68*UD 2+ 0.5*UD 3+ 0.27* UD4= +5$$

Considéranse aprobados aqueles alumnos que obteñan unha cualificación igual ou superior a 5, e para facer a nota media será indispensable que teñan superada cada unidade.

### INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Exercicios e probas escritas:

- Respostas a preguntas e cuestións das unidades de traballo.
- Representacións gráficas.
- Elaboración de resúmenes e exercicios.
- Traballos escritos ou de investigación.

Exercicios e probas orais: respostas a preguntas sobre as prácticas diarias e sobre contidos tratados.

Exercicios e probas prácticas

Establecerase un número de traballos mínimo, e poderán ser individuais ou en grupo. Indicarase en cada caso.

Aclaracións dos instrumentos de avaliación:

#### PROBAS ESCRITAS E/OU PRÁCTICAS

Valoración negativa dos alumnos/as sorprendidos con algún medio para copiar nun exame. Terá que entregar o exame e a avaliación estará suspensa.

#### PROBAS PRÁCTICAS E TRABALLOS NA AULA

Os traballos e as probas prácticas a realizar na aula en cada avaliación desglósanse do seguinte xeito:

1ª Avaliación:

- Toma de medidas para perruca, postizo ou prótese.
- Elaboración de calco para perruca
- Elaboración dun calco para postizo parcial
- Preparación de pelo de mata
- Montaxe do tear
- Elaboración dunha mostra de tira tecida.
- Elaboración de crepé
- Elaboración dun postizo parcial tecido
- Fixación de tira tecida sobre unha montura.
- Elaboración dunha mostra de pelo picado

2ª Avaliación:

- Repaso de traballos feitos la avaliación 1
- Elaboración de montura.
- Confección de perruca e/ou postizo parcial picado.
- Selección, colocación e fixación de pelucas, postizos ou próteses
- Adaptación de perrucas, postizos e próteses standar.
- Selección, colocación e fixación de complementos téxtiles.
- Hixiene, cambios e mantemento de pelucas ou postizos
- Prácticas de deseño de cellas
- Prácticas de liña de ollo

Nos traballos e probas a realizar na aula valórase:

- Imaxe e hixiene persoal
- O interese polo traballo que se realiza, atitude hacia persoas do entorno, vocabulario adecuado, discreción, fomento da convivencia, ser colaborativo, amosar empatía...
- O número de traballos engadidos, tras cumprir o mínimo establecido, calidade, destreza, dificultade e variedade dos traballos...
- Hixiene e orden das instalacións en xeral e do propio posto e material de traballo en particular.
- Orden na execución
- As habilidades, destrezas desenvoltoas durante a execución dos traballos.
- A iniciativa, creatividade, dinamismo, curiosidade en temas profesionais.
- Recepción e atención da clientela e modelos.
- O tempo de execución.
- Participación activa do alumno nas clases e en actividades extraescolares.
- Valoración negativa dos alumnos/as que se neguen a facer os traballos que se lle indiquen e a atender os modelos ou compañeiros que se lle axudiquen.

#### Aclaracións no sistemas de cualificacións:

- Valorarase (no apartado de traballos) a participación en actividades extraescolares que complementan a formación do alumnado, realizándose seguidamente traballos, exercicios ou respostándose preguntas sobre as mesmas.
- As actividades relacionadas co módulo que se organicen (centros alleos ó IES, xornadas de formación, conferencias, desfile), serán puntuables sempre e obrigatorias as realizadas en horario escolar. As que se realicen fora do horario escolar puntuarán para subir nota.
- Para aprobar a avaliación, o alumno deberá obter como mínimo o 50% da nota en cada un dos apartados, e cando non sexa así a avaliación quedará suspensa ata que recupere o apartado correspondente.
- A avaliación é contínua, polo que non se poderá superar unha avaliación sen ter superado previamente as anteriores. A nota final coincidirá coa da terceira avaliación. Para obter a nota da terceira avaliación terase en conta o traballo, a constancia, participación, comportamento, esforzo e evolución do alumno/a durante o curso, podendo o profesor aumentar a nota da 3ª avaliación e final ata 1 punto como recompensa ó esforzo e traballo realizado.
- Deberanse acadar os contidos mínimos establecidos para superar o módulo.

As probas e traballos prácticos realizaranse en modelo humano. Se non houbera suficientes modelos no centro, os alumnos traerán os seus propios modelos.

Os alumnos teñen que posuir o seu propio material, limpo e desinfectado, en orden e en perfecto estado, aspecto que repercutirá na nota final.

#### Caso de non se presentar a un exame ou proba

Se un alumno/a non se presenta a unha proba (con causa xustificada) repetiráselle a proba e terá dereito á recuperación correspondente, en caso necesario. Se a ausencia non está debidamente xustificada, a proba non se repetirá e o alumno/a deberá presentar directamente á proba de recuperación na data que se indique, perdendo polo tanto unha oportunidade.

#### Caso de non presentar en prazo un traballo

Se un alumno/a non presenta un traballo no prazo establecido, a cualificación será un cero. En todo caso, e aínda que a cualificación do traballo non é recuperable, a súa entrega será condición imprescindible, antes da avaliación, para poder aprobar. De non entregalo, suspenderá a avaliación e a entrega do traballo será requisito indispensable para recuperala.

#### Caso de non presentar todos os traballos e exercicios mínimos

O alumno/a que non presente todos os traballos e probas mínimos esixidos antes do final da 2ª avaliación ou que non a supere, poderá optar a realizar unha proba final teórico-práctico na que se inclúen os contidos de todo o curso e deberá superar ambas partes, acadando o 50% da nota que corresponde. A proba comezará coa realización da parte teórica, e so en caso de superala, se realizará a parte práctica.

#### Tratamento dos decimais

A cualificación dunha avaliación sempre se fará mediante un número enteiro, motivo polo que os decimais resultantes se redondearán á alza ou á baixa ó enteiro mais próximo; se equidistara de dous enteiros consecutivos, redondearase ó superior.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

#### ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN

##### DAS PARTES NON SUPERADAS:

O alumnado que non supere algunha avaliación total ou parcialmente, daránselle as orientacións e apoios necesarios para intentar superala, tendo en conta para iso os contidos mínimos esixibles e os seus criterios de avaliación asociados.

As actividades de recuperación ao longo do curso levaranse a cabo do seguinte xeito:

##### Actividades de recuperación:

- Entrega de material de traballo específico na aula para o alumnado que o precise.
- Comentario e análise do traballo entregado e resolución de dúbidas nas horas de clase practicando os traballos de maior difi cultade para o alumno/a.
- As probas de recuperación serán similares ás de avaliación.
- De tódalas probas que se suspendan, farase una recuperación ó longo da avaliación seguinte.

#### MÓDULO NON SUPERADO

- Módulo non superado na segunda avaliación (previa ó periodo de prácticas na empresa): neste caso, programaranse actividades de recuperación e reforzo ó longo da terceira avaliación, que se compatibilizarán coa asistencia do alumn@ ó periodo práctico na empresa. Se fose necesario, establecerase un calendario de recuperación, fixando a temporalización da recuperación no IES e que será debidamente comunicado á empresa.

- Ó alumno/a que pasa de curso co módulo pendente, elaboraraselle un informe individualizado que conterá información suficiente sobre os resultados de aprendizaxe non alcanzados, para que se teña en conta na súa posterior aprendizaxe. O alumnado será informado ó inicio de curso das actividades programadas para a súa recuperación, así como do período da súa realización, temporalización e data en que será avaliado. A avaliación deste módulo pendente de 1º curso levarase a cabo coa avaliación final ordinaria de 2º curso.



## 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Non procede. Non se prevé que curse ciclos formativos na modalidade dual alumnado que non asista ás actividades do ciclo en tal medida que puidese orixinar a súa perda do dereito á avaliación continua.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A presente programación avaliarase mediante o procedemento establecido polo control do sistema de calidade establecido no centro. Dito control realizarase principalmente por medio do cumprimento dos seguintes documentos:

- Actividades de aula desenvolvidas, que recolle a información sistemática sobre as actividades docentes realizadas polo profesor e emitida polo mesmo, para realizar un autocontrol de ditas actividades.
- Recollida de datos para a xunta de avaliación, que recolle as conformidades/non conformidades e as actuacións derivadas das non conformidades referentes ó alumnado (suspensos) e cumprimento da programación.
- Memoria fin de curso, na que entre outros temas, se tratará a porcentaxe da programación impartida, a realización de modificacións na mesma e as propostas de mellora para o seguinte curso académico.
- Ademáis, en reunión de departamento ó longo do curso, realizarase o seguimento e control da programación, tomando as medidas oportunas se é o caso.

A actividade docente:

- Será avaliada polo propio docente mediante unha análise dos obxectivos acadados e das dificultades atopadas.
- Proporcionarase ó alumnado unha enquisa a final de curso para que realice a valoración dende o seu punto de vista.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ó comezo do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado que terá por obxecto:

- Analizar a avaliación inicial feita ó alumnado
- Coñecer as características, limitacións, formación académica e profesional previa de cada un, así como as súas capacidades e obxectivos.
- Serve de punto de partida ó equipo docente, permitíndolle adoptar medidas de reforzo educativo ou de flexibilización modular, aínda que en ningún caso se permitirán adaptacións curriculares significativas. Así mesmo deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

A avaliación inicial realizarase conforme o procedemento establecido polo control do sistema de calidade do centro. Dito control realízase principalmente por medio do cumprimento do documento de avaliación inicial e mediante entrevista persoal cando se considere necesario.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Dada a diversidade de alumnado que accede aos ciclos formativos, traballaremos os contidos segundo as necesidades do momento, do grupo e do alumno/a en particular.

Ó longo do curso presentaranse exercicios e actividades con diferentes grados de dificultade, o que permite ó profesorado seleccionar os mais adecuados ó nivel do alumnado e ás súas capacidades. Para seleccionar os mais axeitados, terase en conta a avaliación inicial, o progreso e o grado de consecución dos obxectivos prantexados.

Ó alumnado que non acade ós obxectivos programados, daránselle as orientacións e apoios necesarios, tendo en conta para iso os contidos mínimos esixibles e os seus criterios de avaliación asociados.

Ó alumnado con capacidades por enriba da media, proporcionaráselle exercicios e orientacións para maximizar os resultados e estimular o seu interese.

As actividades de reforzo e afondamento ao longo do curso levaranse a cabo do seguinte xeito:

Actividades de reforzo e de afondamento:

- Entrega de material de traballo específico na aula para o alumnado que o precise.
- Análise do traballo e resolución de dúbidas que lles xurdan ós alumnos/as para poder traballar a fondo as actividades propostas durante as horas de clase.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

As nosas condutas son a manifestación dos nosos valores, de aí a importancia de comezar desde moi temprana idade a educar en valores. Pero para formar bos profesionais, que saiban convivir, compartir, colaborar con compañeiros, clientes..., é indispensable formar ó mesmo tempo adultos responsables, respetuosos, honestos, humildes, tolerantes, felices..., polo que se incidirá neste tema ó longo do curso.

Educación para a saúde. É a transversal por excelencia desta materia xa que se traballa en tódalas unidades e ó longo de todo o curso. O coñecemento do corpo dos seus órganos e sistemas, é o primeiro paso para valorar a saúde e desenvolver hábitos saudables de hixiene e desinfección e para rexeitar prácticas nocivas como o consumo de tabaco, alcol e outras drogas.

Tamén se analizará nas clases, a relación entre a saúde persoal, os hábitos posturais na vida laboral e exercicio físico.

Instrumentos empregados:

- Presentación en power point do tema de hixiene e desinfección nas actividades do módulo.
- Prácticas de hixiene en cada clase e no futuro laboral.
- Nas clases de análise e diagnóstico para tratamentos capilares de usuarios con necesidades especiais, afondarase na relación entre a saúde capilar, a saúde xeral e os hábitos nocivos (tabaco, drogas...).
- Presentación en power point do tema de ergonomía aplicada ó módulo.
- Indicación dalgúns exercicios básicos para prevenir as principais alteracións consecuencia da actividade laboral.

Temporalización:

Ó longo de todo o curso.

Educación do consumidor. Importancia ten tamén unha boa alimentación para o noso pelo, pel e unllas. Pretendemos a responsabilidade tanto dos alumnos como dos consumidores. Unha parte da dieta dos adolescentes é por conta deles mesmos (bolos, chucharías, aperitivos, bebidas).

Debemos incitalos cara a adquisición de hábitos de consumo responsables.

Instrumentos utilizados:

- Nas clases de análise e diagnóstico para tratamentos capilares de usuarios con necesidades especiais, afondarase na relación entre a saúde capilar, a saúde xeral e os hábitos alimenticios.
- Realización de comparativas fotográficas de cabelos saudables e non saudables.
- Charla sobre uso e abuso de cosmética. Ingredientes dañinos, sustancias contaminantes do medio ambiente...

Temporalización:

2ª avaliación, na unidade 4.

Educación para a paz. Incentivar a solidariedade entre os humanos fomentando o altruísmo (doazón de sangue, órganos...)

Instrumentos utilizados:

- Unha charla impartida por persoal e voluntarios da AECC
- Unha charla con voluntarios colaboradores con afectados por cancro no hospital de Monforte (Carriño solidario)

Temporalización:

1ª avaliación. Pode variar en función da dispoñibilidade dos ponentes.

Educación para a igualdade entre os sexos: Dende calquera tema se pode traballar esta transversal, procurando usar sempre unha linguaxe, oral e escrita, non discriminatoria e tomando medidas de acción positiva necesarias para introducir a dimensión de igualdade.

O tema tratarase en especial no momento que se afofonde nas actitudes e aptitudes do profesional, a inicio de curso.

Instrumentos utilizados:

- Visualizarase un vídeo que amose actitudes discriminatorias para fomentar o debate entre o alumnado.
- Visualizarase un vídeo relacionado coa discriminación no noso sector profesional, para fixar as pautas de comportamento correctas.

Temporalización:

1ª avaliación. Cando se trate o tema "O profesional. Actitudes e aptitudes". Aínda que se practicará ó longo de todo o curso.

## 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

- Participación en concursos relacionados coa profesión.
  - Visitas a feiras profesionais, congresos..., de tipo profesional e/ou cultural.
  - Asistencia a cursos e xornadas de formación realizados por casas comerciais e profesionais do sector tanto dentro como fora das instalacións do centro escolar.
  - Organización e participación en actividades diversas que impliquen a colaboración dos alumnos: desfile de perrucaría e estética, obras de teatro, rodaxes películas, galas profesionais e outros proxectos.
  - Visitas a distintos medios de comunicación.
  - Visitas a produtoras audiovisuais
  - Visitas a balnearios, spas, fábricas de cosméticos, de cabelo...
  - Realización de prácticas fora do centro educativo dentro e fora de horas lectivas, noutros centros públicos ou privados, sempre que se considere oportuno e a situación o permita.
- Elaboración de material didáctico en vídeo, fotografías...
- Seguimento das novas publicacións: vídeos, libros, revistas...

## 10. Outros apartados

### 10.1) Ensino online ou semipresencial

Nos ciclos do réxime de adultos o ensino é presencial. Con todo, adóptanse medidas para asegurar a continuidade da formación do presente módulo no caso de se producir estados excepcionais ó longo do curso, como ausencias temporais xustificadas do alumnado.

As medidas a tomar neses casos serán :

- Comprobar a principios de curso e durante a avaliación inicial do módulo, a dispoñibilidade de medios TIC, conexión a internet e de teléfono móbil (con cámara e grabadora/reproductora de vídeo) por parte de todo o alumnado.
- Habilitar o curso "Peiteado en coidados especiais" na aula virtual do IES A Pinguela, onde estarán a disposición de todo o grupo os apuntes, material audiovisual, exercicios e orientacións necesarias para completar o curso con éxito. Este curso será utilizado habitualmente con independencia da presencialidade/non presencialidade do ensino, motivo polo que se dará de alta a todo o alumnado durante os primeiros días do curso.
- A comunicación profesor/alumn@, entrega de traballos e tarefas, correccións..., realizarase preferentemente a través da aula virtual cando así se propoña, do correo electrónico ou en clase, según se indique en cada caso. En casos excepcionais xustificados, poderase utilizar a tal fin o email ou whatsapp...

- En caso de que o alumnado que teña que seguir o curso a distancia por causa xustificada non poida dispoñer das ferramentas necesarias para realizar o seguimento a través da aula virtual, proporcionaráselle a información a través do canal que se habilite dependendo da situación (correo postal, recollida/entrega por parte dunha persoa de confianza do alumn@).

## 10.2) PAC e Baixa de oficio

Nos ciclos de educación Dual a asistencia é obrigatoria, con todo a aplicación da perda de avaliación continua non procede.

Sí é de aplicación a tramitación de baixa de oficio nos casos legalmente establecidos na normativa:

- Falta de asistencia continuada sen xustificar durante 15 días.
- Falta de asistencia discontinua sen xustificar durante 25 días.